




In vino veritas, de Francisco Castro

Enviado o 16 xullo 2011

Francisco Castro

In vino veritas

Galaxia, Vigo, 2011, 388 páxinas, 20 €



Presteille sempre especial atención ao percorrido narrativo de [Francisco Castro](#), desde que este botou a andar; nun principio aguilloado pola curiosidade, desde hai un tempo para acó francamente interesado por todo [aquilo](#) que ten que dicir. Desde os seus inicios ata a actualidade non é difícil observar como a súa voz foi consolidándose, adquirindo en boa lóxica novos matices ou reflexos e, abofé, asentándose como un dos nosos narradores máis interesantes e de maior proxección. A perspectiva global que fornece coñecer a súa traxectoria permite identificar que *In vino veritas* exhibe, por un lado, esa “marca da casa”, isto é, esa voz narrativa empoleirada como un personaxe máis: desihinibida, fresca, irónica ou mordaz, que desmitifica ou ataca sen piedade, que filosofa ou nos conduce por aquí e acolá, conseguindo axiña a complicidade do lector; por outra banda tamén significa o seu retorno a un dos motivos máis recorrentes no autor vigués como é o de recrear os vimbios dunha historia de amor (“quen non ama está morto” dise na novela), un tanto infrecuente e adobiada coa presenza dalgúns elementos sen dúbida sorprendentes, fóra de que talvez sexa esta a súa proposta cunha filiación máis abertamente cinematográfica.

Castro constrúe, así pois, nun pano de fondo dominado polas relacións persoais, unha parodia da novela de detectives da que, con todo, aproveita exemplarmente todos e cada un dos trazos canónicos do xénero, e faino a través dun detective ben singular que debe desenlear unha intriga na que goza de non pouca relevancia o universo das relacións sadomasoquistas, asunto ben pouco transitado nas nosas letras. Con todo, teño para min que a inequívoca intención que domina a proposta non é outra que a de tirarlle o veo a todo o que hai detrás do denominado “telelixo”, todas esas tiranías persoais e colectivas que encerra, poñendo enriba da mesa as claves dese mundo e obrigándonos a valorar a idioticia que esta subcultura proxecta sobre boa parte da nosa sociedade contemporánea.



Por isto esta é unha novela para debater e para discutir cando acaba a súa lectura. Como a min me ocorreu, estou certo que quen se achegar a esta proposta se deixará axiña atrapar polo seu ritmo envolvente, debuxará en ocasións un sorriso irónico e bosquexará tamén outros acenos, eses que fan erguer as cellas e non baixalas durante tempo, mesmo cando se achega a

resolución e un se decata de que, en efecto, no viño está a verdade.

Baixo o título de "Unha (nova) historia de amor coa idioticia catódica como pano de fondo" esta recensión publicouse nas páxinas do suplemento "Culturas" de [La Voz de Galicia](#), o 16 de xullo de 2011.